

### Vivendas protexidas

Inclúense as vivendas protexidas suxeitas a distintos réximes de protección e vivendas de promoción pública.

### Vivendas libres

Están controladas pola Administración local e correspóndelle á comunidade autónoma dar as cédulas de habitabilidade. Hai unha supervisión técnica por parte dos profesionais.

## Empresas e produtos industriais

### Empresa industrial

Enténdese por empresa toda unidade xurídica que constitúe unha unidade organizativa de produción de bens e servizos e que goza dunha certa autonomía de decisión, principalmente á hora de empregar os recursos correntes de que dispón. A empresa pode exercer unha ou máis actividades nun ou varios lugares. Considérase que unha empresa é industrial se a súa actividade principal está incluída dentro das seccións B a E da CNAE-09.

### Persoas ocupadas

Enténdese por persoas ocupadas o conxunto de persoas fixas e eventuais que no ano de referencia dos datos, estaban exercendo un labor, remunerado ou non, para a empresa e pertencen e son pagadas por esta.

### Importe neto da cifra de negocios

É o resultado que se obtén de deducir do importe das vendas de produtos, mercadorías e similares, e das prestacións de servizos correspondentes ás actividades ordinarias da empresa, o importe dos descontos e demais bonificacións sobre as vendas, así como o IVE e outros impostos directamente relacionados.

### Total de ingresos de explotación

É o importe total obtido como resultado de agregar os diferentes ingresos ligados á explotación obtidos pola empresa durante o ano de referencia.

### Traballos realizados por outras empresas

É o gasto correspondente ao traballo que, formando parte do proceso de produción propia, se encarga e é realizado por outras empresas.

### Gastos de persoal

Este concepto recolle o importe total agregado dos pagamentos efectuados pola empresa durante o ano de referencia en concepto de soldos e salarios, indemnizacións, seguridade social e outros gastos de persoal.

### Total de gastos de explotación

É o importe total obtido como resultado de agregar os diferentes gastos ligados á explotación realizados pola empresa durante o ano de referencia.

## Enerxía eléctrica

### Produción bruta

Este termo fai referencia á enerxía producida media en bornes dos xeradores. Inclúe a enerxía producida polas centrais de bombeo sen dedución da enerxía eléctrica consumida no bombeo.

### **Producción neta**

É o resultado de deducir a produción bruta de consumos en servizos auxiliares das centrais e as perdas en transformación principal. Inclúe a enerxía producida polas centrais de bombeo sen dedución da enerxía eléctrica consumida no bombeo.

### **Producción dispoñible**

É a diferenza entre a produción neta e o consumo de enerxía para o bombeo; na práctica, enténdese como a enerxía producida en cada provincia media nas barras de saída dos transformadores principais das centrais da provincia, utilizable no mercado toda ela salvo as perdas de transporte e distribución ata os centros de consumo.

### **Distribución**

Comprende a enerxía eléctrica subministrada a abonados consumidores mediante contrato, as subministracións a persoal empregado, a servizos administrativos e iluminación de instalacións das empresas eléctricas, aínda cando non se facturen.

## **Enerxías renovables**

### **Enerxías renovables**

Son enerxías que se renovan ou recuperan de maneira cíclica nunha escala temporal de curto prazo. Existen diferentes fontes de enerxías renovables dependendo dos recursos naturais utilizados para a xeración da enerxía, tales como a hidráulica, a eólica, biomasa...

### **Biomasa**

É a materia orgánica orixinada nun proceso biolóxico que se pode utilizar como fonte de enerxía.

### **Hidráulica**

A enerxía hidráulica utiliza como recurso a auga. Cando a enerxía hidráulica se utiliza como fonte primaria para a produción de electricidade coñécese como enerxía hidroeléctrica. Neste caso distínguese a gran hidráulica, producida en centrais con potencia superior a 10 MW, da minihidráulica, producida en centrais con potencia inferior a 10 MW.

### **Eólica**

A enerxía eólica utiliza o vento como recurso para a xeración de enerxía.

### **RSU**

Enerxía procedente dos residuos sólidos urbanos. Diferéncianse os RSU do resto de residuos e enerxías residuais, xa que os primeiros se consideran como renovables. A definición de fontes renovables da AIE exclúe os residuos non biodegradables desta categoría, razón pola que os residuos e a enerxía residual procedentes de aceites usados, pneumáticos, etc. non son considerados renovables.

### **Solar fotovoltaica**

É a enerxía procedente da transformación da radiación solar

## **Industria mineira**

### **Produtos da minería**

Tradicionalmente os produtos da minería clasificábanse en produtos enerxéticos, minerais metálicos, minerais non metálicos e produtos de canteira. A partir do ano 2005 introdúcense certos cambios na clasificación. Consérvanse os produtos enerxéticos (carbóns e hidrocarburos) e minerais metálicos; dos minerais non metálicos destácanse os minerais industriais e dentro dos chamados produtos de canteira sepáranse as rocas ornamentais nun subgrupo aparte.